

[Galego] Protesta contra Filipe VI “por rei, por anacrónico e por antigalego”

SERMOS GALIZA :: 01/10/2019

Dous centos de persoas concentráronse diante da Reitoría da UDC na Coruña para protestar pola visita de Filipe VI na inauguración do curso académico

A concentración desta segunda feira na Coruña diante do Paraninfo. Dous centos de persoas concentráronse diante da Reitoría da UDC na Coruña para protestar pola visita de Filipe VI na inauguración do curso académico. Amplo despregue policial e de medios informativos para dar cobertura ao rei.

“A monarquía é unha institución que nega o dereito elemental dun pobo, como é o dereito á autodeterminación, o dereito a decidir. Pero ademais trátase dunha institución totalmente anacrónica e antidemocrática”, dixo **Anxo Louzao**, portavoz de **Vía Galega**, a plataforma que convocou a protesta, minutos antes da chegada do monarca, que accedeu ao recinto do **Paraninfo** pola porta oposta á que se encontraban os manifestantes.

Un policía cada cen metros desde os Xardíns de Méndez Núñez até O Parrote, e despois do hospital Abente e Lago, unhas cantas ducias máis deles. Autoridades, con ampla presenza de políticos socialistas, e xornalistas e reporteiros gráficos agardaban a chegada de Filipe VI na porta sur do Paraninfo da UDC. Diante da outra porta, a do norte, xunto ás murallas da Cidade Vella, dous centos de persoas a berro de “Galiza non ten rei!” sostiñan faixas reclamando unha República galega e lucían bandeiras da patria e bandeiras da II República española.

Á convocatoria de Vía Galega, que reúne unhas cincuenta asociacións de diversa índole que teiman no dereito a decidir, sumáronse outras entidades da cidade, como Galiza pola República, activistas sociais, representantes do movemento veciñal e colectivos da esquerda desde o nacionalismo até o republicanismo e o anarquismo. Así, entre os manifestantes, estaban entre outros o secretario de Organización do **BNG**, **Bieito Lobeira**, o líder coruñés do BNG, **Francisco Jorquera**, o responsábel comarcal da **CIG**, **Xabier Filgueira**, xunto a membros de **Anova** ou **Esquerda Unida** e asociacións republicanas e veciñais.

“Inaugúrase o curso académico nunha universidade como a UDC que está a sufrir un proceso de españolización galopante e a monarquía vén aquí para dar carta de normalidade a unha situación que non deixa de ser anormal”, rematou Louzao en declaracións a *Sermos Galiza*.

https://www.sermosgaliza.gal/articulo/politica/protesta-filipe-vi-rei-anacronico-antigalego/20190930125146084571.html?fbclid=IwAR2IFn_NmRMx5-uxPe1WGhOPIQmmgXC8AdXxKssuPBlHDWrpltojYzNl0Lk